

Resolución Reitoral pola que se convocan “Premios á Excelencia académica” para alumnado que inicia estudos de Doutoramento na Universidade de Vigo no curso académico 2021/2022

A Universidade de Vigo a través da súa Escola Internacional de Doutoramento (EIDO) quere atender de xeito especial ao alumnado que inicia estudos de doutoramento nesta Universidade e destaca por unha traxectoria curricular de excelencia nos estudos previos aos de doutoramento.

Unha vez vista a *Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións* e as súas normativas de desenvolto.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, de 12 de abril, de Universidades* e o artigo 72 do *Decreto 19/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os Estatutos* desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, premios á excelencia académica para estudantes que inician estudos de Doutoramento no curso 2021/2022, que se xestionarán de acordo coas bases reguladoras que figuran no anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [Portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte da súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte de se publicar a presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*

Vigo, na data de sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 26/05/2020 (DOG 04/06/2020)

A vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria,

Natalia Caparrini Marín

Páxina 1 de 7



CSV : GEN-bff7-c2c2-0bdd-bc24-d6ee-b810-05cb-42ff

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portalfirmas.redsara.es/plf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 10/03/2022 09:53 | NOTAS : F

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800121s22N0000025

CSV

GEISER-4567-3536-900b-417a-aa68-8307-8f84-fd9a

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

10/03/2022 10:42:15 Horario peninsular

Validez del documento

Original



GEISER-4567-3536-900b-417a-aa68-8307-8f84-fd9a

ANEXO I

BASES QUE REGULAN OS PREMIOS Á EXCELENCIA ACADÉMICA PARA INICIO DE ESTUDOS DE DOUTORAMENTO NO CURSO ACADÉMICO 2021/2022

1. OBXECTO

O obxecto desta convocatoria é atender de maneira especial ao novo alumnado da Universidade de Vigo que está a realizar no curso académico 2021/2022 estudos oficiais de Doutoramento e que destaca particularmente por unha traxectoria académica de excelencia nos estudos previos aos de Doutoramento.

Os premios distribúense por programa de doutoramento tal e como se sinala no Anexo II de acordo cos seguintes criterios:

- Nos programas que acaden entre **3 e 12** estudantes de nova matrícula outorgarase 1 premio.
- Nos programas que acaden entre **13 e 22** estudantes de nova matrícula outorgarase 2 premios, incrementándose nun premio máis por cada dez alumnos matriculados.
- Para programas que acadaran menos de **3** estudantes de nova matrícula; considerárase a agrupación de todos os programas que estean nesta situación dentro do mesmo ámbito de coñecemento. Outorgarase dentro de cada agrupación un número de premios segundo a mesma regra dos apartados a) e b). Se o número de estudantes na agrupación e curso fose inferior a **3**, outorgarase un premio.

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Pode participar nesta convocatoria o estudantado que cumpra os seguintes requisitos:

- Estar matriculado **por primeira vez** en estudos de Doutoramento que figuren no anexo II no curso académico 2021/2022, e manter a condición de matrícula durante todo o curso académico.
- Obter unha **nota media ponderada igual ou superior a 1,00** calculada según o establecido no punto 6 desta convocatoria.

Non poderán ter a condición de beneficiario/a as persoas nas que concurra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da *Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, de 17 de novembro*.

3. COMPATIBILIDADE

Os premios que se establecen nesta convocatoria son compatibles con calquera outro premio ou axuda.

4. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

- Os fondos destinados a este premio irán con cargo a aplicación orzamentaria 2022 00PG 131H 482.12, e o importe máximo do crédito orzamentario retido ascende a 10.750,00 € para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.
- A contía de cada premio é de **250,00 €**.

Páxina 2 de 7



CSV : GEN-bff7-c2c2-0bdd-bc24-d6ee-b810-05cb-42ff
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portalfirmas.redsara.es/plf/valida>
FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 10/03/2022 09:53 | NOTAS : F

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800121s22N0000025

CSV

GEISER-4567-3536-900b-417a-aa68-8307-8f84-fd9a

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

10/03/2022 10:42:15 Horario peninsular

Validez del documento

Original



GEISER-4567-3536-900b-417a-aa68-8307-8f84-fd9a

3. O pagamento do premio efectuarase mediante transferencia á conta bancaria indicada polo/a alumno/a na súa solicitude e da que deberá ser titular ou cotitular.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. As persoas solicitantes deberán cubrir o **formulario en liña** no seguinte enlace https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/9590, **descargalo e presentalo na Sede Electrónica** da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) a través da Instancia Xenerica (SXER) existente na sede, e pór como **asunto** “*premios excelencia académica inicio doutoramento*”, achegando unicamente o formulario coa solicitude.

Para a presentación electrónica deste procedemento, a sede electrónica da Universidade de Vigo dispón de instrucións de axuda que deberán ser observadas en todo momento polas persoas solicitantes: https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-06/Guia_rexistro_instancia_xenerica_gl.docx.pdf. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de presentación dos formularios, poderán dirixirse ao enderezo electrónico sede@uvigo.gal

O modelo específico de presentación de solicitudes é de uso obrigatorio para as persoas interesadas neste procedemento (art. 66.6 da *Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*). Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, se lle requirirá para que a presente electronicamente. A estes efectos, considerárase como data de presentación da solicitude aquela na que foi realizada a emenda, de acordo ao artigo 68.4 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

2. O prazo de presentación de solicitudes comeza o día seguinte a publicarse esta convocatoria e remata o **18 de abril de 2022** ás 23:59 horas (hora peninsular española). A presentación fóra de prazo supoñerá a non admisión a trámite da solicitude.

3. No formulario en liña achegarse a seguinte documentación (non hai que subir a documentación á sede electrónica):

- No caso de estudos de grao ou licenciatura cursados nunha universidade distinta á Universidade de Vigo deberán presentar a certificación académica oficial dos estudos que lle dan acceso ao programa de Doutoramento.
- No caso de ter finalizado estudos de máster realizados nunha universidade distinta á Universidade de Vigo deberán presentar a certificación académica oficial dos estudos de máster na que conste que ten realizados todos os créditos necesarios para rematar a titulación.
- No caso de alumnado que accede ao Doutoramento desde estudos cursados en universidades estranxeiras deberá aportar a Declaración de Equivalencia de Nota media solicitada ao *Ministerio de Educación y Formación Profesional* a través do seguinte enlace:

<http://www.educacionyfp.gob.es/eu/servicios-al-ciudadano/catalogo/gestion-titulos/estudios-universitarios/titulos-extranjeros/equivalencia-notas-medias.html>

Támén se lles poderá requirir que acheguen outra documentación que resulte necesaria para avaliar correctamente os requisitos e méritos alegados. O feito de non achegar a documentación requirida será causa de exclusión.

Páxina 3 de 7



CSV : GEN-bff7-c2c2-0bdd-bc24-d6ee-b810-05cb-42ff

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/plf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 10/03/2022 09:53 | NOTAS : F

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800121s22N0000025

CSV

GEISER-4567-3536-900b-417a-aa68-8307-8f84-fd9a

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

10/03/2022 10:42:15 Horario peninsular

Validez del documento

Original



GEISER-4567-3536-900b-417a-aa68-8307-8f84-fd9a

6. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

A Sección de Axudas e Bolsas, logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán dun **prazo de dez días hábiles** contados a partir do día seguinte ao de publicación para emendar os erros, as causas de exclusión e a falta de documentación.

Para tal fin, **presentarán** o *formulario de alegacións* existente na Secretaría Virtual.

Unha vez revisadas as alegacións, a selección será efectuada pola comisión de avaliación de acordo cos seguintes criterios:

- a) A nota media do expediente académico de grao ou licenciatura/enxeñaría de cada solicitante dividida entre nota media da titulación.

Para a ponderación, no caso de estudos realizados en universidades españolas, terase en conta a nota media que, de acordo cos datos da Clasificación Internacional Normalizada da Educación (ISCED), corresponda á súa titulación na universidade na que a cursou:

https://www.universidades.gob.es/stfls/universidades/Ensenanzas/becas_ayudas_premios/alumnado/becas_ayudas_investigador/Documentos/nm_isced_general_y_universidad_fpu2021.pdf

Para os estudos realizados no estranxeiro, a ponderación realizarase tendo en conta as notas medias ISCED para estudos estranxeiros:

<http://www.educacionyfp.gob.es/dam/jcr:4b0706b6-eb50-44dd-89e4-af44f3c562e4/nm%20isced%20general%20y%20universidad%20estudios%20extranjerios%20fpu%2020.pdf>

- b) Alumnado que teña unha titulación de máster rematada ou 60 créditos superados nun mesmo máster universitario, sumaráselle 0,1 puntos á nota ponderada. No caso de ter rematado varios estudos de máster só se computará un.

No caso de que nalgún programa de doutoramento quedasen premios vacantes serán reasignados aos/ás solicitantes coas notas máis altas da lista de agarda.

A comisión de avaliación está composta por:

- Presidente: Antonio Pino García, Director da Escola Internacional de Doutoramento.
- Secretaria: María Guadalupe Fernández Romero, xefa da Sección de Axudas e Bolsas
- Vogal: Rosa Graña Costas, xefa do Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos

Unha vez que a comisión efectúe a selección, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a listaxe provisoria de persoas con premio concedido, denegado coa mención da causa de denegación e a listaxe de agarda para o caso de existiren renuncias.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao de publicación. Para tal fin presentarán o *formulario de alegacións* existente na Secretaría Virtual.

Unha vez que a comisión revise as alegacións, enviaralle a proposta á vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria, quen adjudicará os premios mediante a correspondente resolución.



CSV : GEN-bff7-c2c2-0bdd-bc24-d6ee-b810-05cb-42ff

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portalfirmas.redsara.es/plf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 10/03/2022 09:53 | NOTAS : F

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800121s22N0000025

CSV

GEISER-4567-3536-900b-417a-aa68-8307-8f84-fd9a

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

10/03/2022 10:42:15 Horario peninsular

Validez del documento

Original



As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar unha resolución expresa no prazo de 3 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución conterá a listaxe definitiva de persoas con premio concedido e a súa contía, con premio denegado e a causa de denegación, e a listaxe de agarda para o caso de existiren renuncias.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses que comezará a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As listaxes ás que se refire este punto así como a Resolución de adxudicación publicaranse no taboleiro da Sede Electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [portal de bolsas](#) da web da universidade, cos efectos da notificación previstos no artigo 45 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As comunicacións individuais que resulten necesarias realizaranse ao enderezo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

7. RENUNCIA

A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante o *formulario de renuncia* existente na Secretaría Virtual e presentado na Sede Electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/> dirixido á Sección de Axudas e Bolsas, xunto co xustificante de reintegro da contía correspondente no caso de terse efectuado o pagamento. As renuncias aceptadas darán lugar á perda dos dereitos económicos e á concesión da bolsa á seguinte persoa da listaxe de agarda.

8. OBRIGAS

As persoas beneficiarias dos premios deberán estar matriculadas no programa de Doutoramento da Universidade de Vigo durante o curso 2022/23.

Ademais o/a beneficiario/a debe cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*, que lle sexan de aplicación.

9. REINTEGRO DAS AXUDAS E PERDA DO DEREITO DE COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro e perda do dereito de cobro destes premios:

- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
- A ocultación de datos, alteralos ou manipular a información solicitada.

A persoa beneficiaria que incorra nalguna destas causas está obrigada a reintegrarlle á Universidade a cantidade indebidamente percibida.



CSV : GEN-bff7-c2c2-0bdd-bc24-d6ee-b810-05cb-42ff
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portalfirmas.redsara.es/pf/valida>
FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 10/03/2022 09:53 | NOTAS : F



10. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

11. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en:

<https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto %20proteccion datos para CONVOCATORIAS bolsas.pdf>

Páxina 6 de 7



CSV : GEN-bff7-c2c2-0bdd-bc24-d6ee-b810-05cb-42ff

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/plf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 10/03/2022 09:53 | NOTAS : F

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800121s22N0000025

CSV

GEISER-4567-3536-900b-417a-aa68-8307-8f84-fd9a

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

10/03/2022 10:42:15 Horario peninsular

Validez del documento

Original



GEISER-4567-3536-900b-417a-aa68-8307-8f84-fd9a

ANEXO II

Número de premios por programa ou agrupación (*):

Programa de doutoramento	Premios
Análise económico a estratexia empresarial	2
Auga, sustentabilidade e desenvolvement	1
Bioteecnoloxía avanzada	1
Ciencia e tecnoloxía agroalimentaria	2
Ciencia e tecnoloxía de coloides e interfaces	1
Ciencia e tecnoloxía química	1
Ciencias da educación e do comportamento	2
Ciencias do deporte, educación física e actividade deportiva saudable	1
Ciencias mariñas, tecnoloxía e xestión (Campus do Mar)	1
Comunicación	2
Creación e investigación en arte contemporánea	1
Creatividade, innovación social e sustentable	2
Ecosistemas terrestres, uso sustentable e implicacións ambientais	1
Educación, deporte e saúde	1
Eficiencia enerxética e sustentabilidade en Enxeñaría e arquitectura	1
Endocrinoloxía	1
Enxeñaría química	1
Equidade e innovación en educación	1
Estatística e investigación operativa	1
Estudos ingleses avanzados: lingüística, literatura e cultura	1
Estudos lingüísticos	1
Estudos literarios	1
Física Aplicada	1
Investigación en tecnoloxías e procesos avanzados na industria	1
Láser, fotónica e visión	1
Metodoloxías e aplicacións en ciencias da vida	1
Métodos matemáticos e simulación numérica en enxeñaría e ciencias aplicadas	1
Neurociencia e psicoloxía clínica	1
Ordenación xurídica do mercado	1
Protección do patrimonio cultural	1
Química teórica e modelización computacional	1
Sistemas software intelixentes e adaptables	1
Tecnoloxía aeroespacial: enxeñarías electromagnética, electrónica, informática e mecánica	1
Tecnoloxías da información e as comunicacións	1
Tradución e paratradución	1
Turismo	1
Xeotecnoloxías aplicadas á construción, enerxía e industria	1
Xestión e resolución de conflitos. Familia, menores e xustiza terapéutica	1

(*) Segundo datos de matrícula ao 02/03/2022

Páxina 7 de 7



CSV : GEN-bff7-c2c2-0bdd-bc24-d6ee-b810-05cb-42ff
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portalfirmas.redsara.es/plf/valida>
FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 10/03/2022 09:53 | NOTAS : F

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800121s22N0000025

CSV

GEISER-4567-3536-900b-417a-aa68-8307-8f84-fd9a

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

10/03/2022 10:42:15 Horario peninsular

Validez del documento

Original



GEISER-4567-3536-900b-417a-aa68-8307-8f84-fd9a